

A lingua galega nos espazos urbanos. Situación e perspectivas

HENRIQUE MONTEAGUDO

Universidade de Santiago de Compostela

O obxectivo do presente contributo é ofrecer unha visión xeral da situación actual e algunhas perspectivas de futuro da lingua galega nos espazos urbanos. Para achegarnos a este obxectivo, botamos unha ollada á evolución nos 10 ou 15 últimos anos, a partir da cal podemos albiscar o panorama que se aveciña. O texto que damos ao prelo constitúe unha versión lixeiramente revista da intervención oral realizada con ocasión da presentación pública do traballo. Consérvase, pois, boa parte do estilo daquela intervención, cos cadros que alí se presentaron, e co único engadido dun mínimo aparello bibliográfico.

Este foro, casualmente, realízase nun momento en que, co gallo da difusión dos datos do Instituto Galego de Estatística, houbo un certo alarmismo público sobre a situación e porvir do idioma, por parte dalgúns medios de comunicación. Coido que isto nos ofrece unha boa ocasión para reclamar un pouco ao acougo e un pouco de reflexión. O alarmismo non é unha boa maneira de presentar os problemas da lingua en público. Aínda que é certo que hai datos que preocupan moito e que esa preocupación hai que trasladala ao conxunto da sociedade, considero que non é bo para o galego que esteamos decote emitindo sinais de «isto se acaba», «non hai nada que facer», case como convites implícitos ao abandono da lingua, como dun barco que se afunde. Non se trata de facer un xuízo de intencións: cónstame que a maior parte desas mensaxes proceden de persoas honestamente preocupadas polo idioma do país, incluso dos sectores máis activos na súa defensa. Pero non se debe ignorar que os procesos de normalización lingüística teñen bastante de ‘profecías autocumpridas’, xa que dependen en boa medida das expectativas sobre a evolución da situación dos propios axentes involucrados. Dito doutro xeito, o ritmo e sobre todo a dirección dos cambios sociolingüísticos dependen moito do que a xente espere do que vai acontecer. E se estamos sempre proxectando a imaxe de que o que vai pasar é que o galego está a piques de desaparecer, no fondo, aínda que non queiramos, podemos estar contribuíndo a que iso aconteza.

O devandito xa é un bo argumento, na miña opinión, para modular as mensaxes públicas sobre a lingua. Pero aínda hai outro argumento máis forte: tanto os datos que temos ata agora coma os que imos coñecendo son, sen dúbida, preocupantes en certos aspectos, pero tamén ofrecen outros aspectos que non digo que sexan tranquilizadores, pero si que convidan a relativizar a nosa ansiedade sobre o porvir. En definitiva, coido que debemos facer o esforzo de obxectivar as nosas percepcións sobre a cuestión, e esforzarnos en axustar as nosas expectativas á realidade, procurando antes de nada informarnos para saber e entender o que realmente está a acontecer.

Como agardo mostrar, a pesar de que unha boa parte dos datos que imos coñecendo son extremadamente preocupantes, podemos afirmar con rotundidade que a desaparición do galego non está no horizonte do previsible, ao menos no medio prazo. O idioma do país ten aínda moito percorrido histórico por diante e a historia dá moitas voltas. Con isto non quero dicir que nos debamos descansar na confianza de que esas voltas da historia nos van resolver os problemas, pero podemos razoablemente conxecturar que no futuro non necesariamente todo ten que discorrer como estivo e está pasando agora. Existe a posibilidade, que temos ao alcance da man, de mellorar o contexto sociocultural e sociopolítico da lingua e se se producen esas mudanzas, tales melloras ofrecerán a posibilidade de intervir con máis pulo e máis eficacia, porque a día de hoxe o galego é unha lingua cunha vitalidade notable, non nos atopamos á beira do precipicio.

Isto falando da situación en xeral. Se falamos das cidades obviamente os tons aquí hai que cargalos máis na parte da preocupación e da necesidade dunha actuación consecuente e decidida, proporcionada á magnitude dos desafíos. A realidade do galego no medio urbano é bastante mala, como é notorio; imos ofrecer uns datos que permitan ancorar esta percepción, cuantificando algúns parámetros. E isto tamén nos convida a unha reflexión previa. Na miña opinión, debemos desterrar, se é que a temos na mente (e se non a temos que ter claro que non a temos), a imaxe dunha Galicia homoxénea. A verdade é que desde o punto de vista sociolingüístico, o noso país é moi heteroxéneo. En Galicia conviven ecosistemas lingüísticos notablemente diversos. Insisto nisto, pois no presente contribuímos a concentrarnos nos datos das cidades, que son, con diferenza, os peores. Pero non os tomemos como representativos do conxunto de Galicia, o que imos mostrar non é toda a realidade do país; poderíamos desenvolver a nosa exposición sobre ecosistemas lingüísticos fóra do ámbito urbano e veríamos que hai outras Galicias, con realidades ben distintas á da Galicia urbana. Ofrecemos, antes de continuar, a título de referencia xeral, os datos do Mapa sociolingüístico de Galicia referidos á distribución do uso do galego e o castelán segundo o hábitat:

Táboa. Lingua habitual segundo o hábitat.

Fonte Mapa Sociolingüístico de Galicia.

	Galego	+galego	+castelán	castelán
Urbano	11,8	30,9	35,8	21,6
Vilas	31,8	33,6	24,1	10,6
Rural	59,0	28,2	9,6	3,2
Galicia	38,7	29,9	20,8	10,6

Os datos do Instituto Galego de Estatística, por exemplo, que son os que provocaron a última alarma pública máis notoria, apuntan claramente a que hai áreas do territorio do noso país en que a solidez do galego é absolutamente pétreo. Non só como podemos pensar así de primeiras, bisbarras remotas da montaña. Por caso e por sinal, a comarca de Galicia occidental (así chamada na enquisa do Instituto Galego de Estatística), que está non lonxe de conglomerados urbanos coma o da Coruña e o de Santiago, é a que mellor mantén o galego en todos os parámetros. Por tanto, reitero, o que imos mostrar aquí é un a parte máis escura do lenzo. E o que tentarei revelar é que incluso dentro desta parte da pintura tampouco nos confrontamos con ámbitos homoxéneos, é dicir, que a heteroxeneidade tamén se dá no medio urbano. Subliño isto non só para tentar traxer un mapa un pouco matizado, mais tamén porque se cadra (aínda que isto non está na miña conferencia como tema pero, obviamente, está como ano de fondo), se as situacións son notablemente diversas, se estamos ante ecosistemas lingüísticos bastante claramente diferenciados, ao mellor deberamos pensar que as políticas de recuperación da lingua, coas conseguíntes previsións e intervencións, tamén deberan ser matizadas e adaptadas a cada situación. En máis dun lugar dinse cousas como que un dos poucos aspectos bos da política lingüística da Xunta é que é homoxénea para toda Galicia. Eu iso non o consideraría en absoluto unha vantaxe. No meu parecer, iso responde a unha certa visión rotineira das cousas e a unha preguiza, incluso mental, para baixarse ao terreo a afrontar os problemas reais, pois, a pouco que o fagamos, decatáronos que o noso país ofrece unha realidade notablemente complexa.

1. UNHA TIPOLOXÍA SOCIOLINGÜÍSTICA DAS URBES GALEGAS

Desenvolveremos a nosa exposición a partir do comentario dunha serie de táboas que ofrecen unha mancha de información, por tanto vou tentar ser un pouco selectivo e procurar ver un pouco máis alá dos datos, sobre todo vou arriscar unha interpretación das cifras que me parecen máis relevantes. En primeiro lugar, nunha parte máis descritiva das competencias e usos en galego nas cidades galegas, tencionarei mostrar que se pode facer unha certa tipoloxía de cidades, que as situacións son bastante diversas mesmo entre estas cidades, e insinuarei por onde penso podería ir esta tipoloxía.

Táboa 1. Lingua habitual en Galicia.

Fonte IGE 2004.

	Galego	+galego	+castelán	castelán
Galicia	42,62	18,38	18,72	19,75

A táboa nº 1 ofrece unha referencia global para o conxunto do país. Son datos da enquisa do Instituto Galego de Estatística, publicada no 2004, en que se traballa con datos recollidos en 2003. Trátase dun inquérito moi potente, con máis de 20.000 entrevistas, os resultados máis relevantes áchanse accesibles na páxina web do Instituto Galego de Estatística. Estes son, por tanto, uns datos de partida para ter unha referencia global do país sobre a lingua habitual, onde vemos que o uso monolingüe activo do galego continúa a ser a opción preferida pola maioría da poboación no seu conxunto (42,62%), cunha diferenza bastante notable sobre o monolingüismo en castelán (19,75%), e coas opcións bilingües con porcentaxes moi similares a esta última, arredor do 18%.

Segundo o devandito, como se pode comprobar na táboa nº 2, fala só galego ou máis galego o 61% da poboación de Galicia. Nesta mesma táboa tamén se ofrecen datos de comprensión e capacidade para falar e lingua habitual, a partir, novamente, dos datos da enquisa do IGE. Aquí o pretendía recoller son tres variables: a competencia pasiva –capacidade para entender o galego falado–, a competencia activa –capacidade de falar o galego–, e o uso real, a lingua habitual, tomando só, para simplificar, a opción «fala galego» ou «máis galego» (na última columna, hai que entender que a porcentaxe ata 100% é «fala castelán» ou «máis castelán»). Recollemos especificamente os datos das sete cidades máis importantes de Galicia, e bótase de ver, comezando polos datos relativos á competencia pasiva, unha certa novidade, pois existe unha matización territorial notable. Case todos os inquéritos publicados ata o momento referidos ao conxunto da poboación galega, deitan resultados do 96% ao 99% para a competencia pasiva en galego, e para a competencia activa un pouco menos, pero sempre con porcentaxes moi elevadas.

Táboa 2. Capacidade para entender / falar galego/ lingua habitual
(fala galego ou máis galego) do conxunto da poboación.

Elaboración propia. Fonte IGE 2004.

	Comprensión da fala		Capacidade para falar			fala só galego/ +galego
	moito	bastante + pouco/ nada = Total	moito	bastante	pouco /nada	
Galicia	84,06	16,25 + 2,80= 19,05	67,69	21,70	10,61	61,00
Ourense	81,78	15,94 + 2,28= 18,22	69,93	20,02	10,04	64,54
Lugo	85,43	12,43 + 2,14= 14,57	71,72	18,90	9,39	58,58
Santiago	84,08	13,66 + 2,26= 15,92	70,00	19,61	10,39	58,26
Pontevedra	67,02	30,24 + 2,73= 32,97	58,00	31,84	10,16	55,27
Ferrol	67,41	28,67 + 3,92= 32,59	43,21	42,17	14,62	40,36
Vigo	67,15	27,57 + 5,29= 32,86	46,33	34,22	19,45	33,89
A Coruña	80,75	13,76 + 5,58= 19,34	60,39	19,56	20,05	33,63

No inquérito do IGE isto está máis afinado, e conséntase que non todos os enquisados declaran entender o galego tan ben nin declaran falar galego tanto, o cal semella bastante máis realista; persoalmente eu sempre fun bastante escéptico con aquelas porcentaxes tan avultadas do 99% para entender o galego e do 90% para falalo, sempre me pareceron porcentaxes excesivamente optimistas. Aquí vemos que as porcentaxes de xente que ten problemas de comprensión ou de expresión –sobre todo os primeiros– en galego son baixos, obviamente, pero non son desprezables en absoluto. Velaí os casos moi notables de Pontevedra, Ferrol e Vigo, cidades onde case un terzo da poboación declara ter problemas de comprensión do galego falado. Coido que este é un dato dabondo interesante, e desde logo para ter en conta.

Logo temos uns datos da competencia oral activa, da capacidade de falar. Aquí, obviamente, as porcentaxes son máis baixas, hai menos xente que declara que ten unha competencia fluída en idioma galego. Chamo a atención, se percorremos as columnas de arriba a abaixo, sobre as baixas porcentaxes de competencia en galego, outra vez, para Ferrol e Vigo, onde máis do 50% da poboación declara ter problemas para falar galego. En Ferrol, capacidade para falar, bastante, 42%, pouco ou nada, 14% (damos cifras redondas). En Vigo, 34% bastante, pouco ou nada 19%. Declárase competentes nesta destreza só o 43% dos enquisados en Ferrol e o 46% en Vigo. A competencia no idioma é importante, claro está, pero o crucial é ver o uso. A comprensión e a capacidade de falar son, digamos, competencias virtuais, hai que ver en que medida esas competencias se actualizan, se concretan nas prácticas lingüísticas. E aquí obtemos tamén unha imaxe moi matizada de cidade a cidade. Fixémonos que hai un grupo de urbes por riba que se move aproximadamente entre o 55% e os 65% de monolingües ou bilingües de dominancia

galega, grupo no que entran Ourense, Lugo, Santiago e Pontevedra. Unha cidade, Ferrol, áchase nunha posición intermedia, co 40%, de galegofalantes, xa en minoría. E logo os datos moi baixos de Vigo e da Coruña: practicamente só un de cada tres habitantes destas cidades declaran como lingua habitual só ou preferentemente o galego.

Daquela, se tentamos establecer unha tipoloxía de cidades, vemos que, canto a porcentaxes de poboación que declara posuír competencia pasiva en galego hai dous grupos, un que anda arredor do 80% (Lugo, Santiago, Ourense e A Coruña), e outro arredor do 67% (Ferrol, Vigo e Pontevedra). Segundo a competencia para falar pódense distinguir tres grupos: un constituído por Lugo, Santiago e Ourense, con arredor do 70%; outro pola Coruña e Pontevedra, co 60%; e outro por Vigo e Ferrol, con menos da metade, 45%. Segundo a lingua habitual deséñanse dous grupos: Ourense, Lugo, Santiago e Pontevedra, entre 55 ou 65%; e logo un segundo grupo con Ferrol, por unha banda, 40%, e Vigo, A Coruña con 34%. Agora, se miramos de relacionar as tres variables, decatámonos de que algunhas cidades bailan de grupo segundo o parámetro en que nos movamos. Endebén, se comparamos a capacidade de falar coa lingua habitual, teremos o índice de ‘retención da lingua’: canto máis próximas se atopan as porcentaxes de competencia e de uso, maior é a retención da lingua, canto máis distantes, menor será o índice de retención. Con este índice apuntamos a un fenómeno non importante, o da latencia: constátase que existe unha porcentaxe notable de persoas competentes en galego que non o empregan (falantes virtuais, por así dicilo). Segundo este índice, podemos establecer unha tipoloxía interesante.

Por exemplo, as cidades que mostran máis retención son Pontevedra e Ferrol. Isto quere dicir que en Pontevedra, en Ferrol, en Ourense –pero Ourense está nun caso distinto porque hai moita maior competencia– a maior parte da xente que sabe falar galego é de feito falante habitual desa lingua. Aí temos un sector da poboación bastante monolítico, bastante resistente no o uso do galego. Nunha situación intermedia están Lugo, Santiago e Vigo, con porcentaxes bastante distintas entre delas: en Lugo e Santiago hai bastante máis competencia que uso, aínda que estamos movéndonos en porcentaxes elevadas nos dous casos; mentres que en Vigo xa nos movemos en porcentaxes baixas. E o caso máis rechamante de todos é o caso da Coruña, onde vemos que hai a maior diferenza entre xente que se considera ou se declara competente para falar galego e xente que realmente o usa; isto é, o índice de retención da lingua nesta cidade é o máis baixo de toda Galicia, ou, inversamente, o índice de latencia é o máis alto: segundo estes datos, máis de un de cada catro habitantes da Coruña que sabe falar galego non usa regularmente ese idioma.

Por sinal, vai un pouco implícito no discurso –así que só o vou sinalar de pasada para non estenderme sobre o particular– que eu entendo que este fenómeno da latencia debe ser contemplado nun esquema de política lingüística que buscasse un mínimo de efectividade. Por exemplo, se parece ser que na Coruña o problema non é tanto a competencia como o uso, se cadra habería que concentrar os esforzos en crear espazos de uso. Pola contra, en Vigo, por exemplo, igual habería que facer máis esforzo no terreo da competencia. Detrás disto pode haber tamén un diagnóstico para que tipo de problemas son de abordaxe máis prementoria en cada unha das localidades.

2. A EVOLUCIÓN DA SITUACIÓN NA DÉCADA DOS NOVENTA

Agora imos deternos nuns datos sobre a evolución nos últimos anos nalgúns dos parámetros en foco. Empreguei aquí como puntos de comparación os datos do Mapa Sociolingüístico de Galicia, recollidos no ano 91 e boa parte deles publicados nos volumes de *Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia e Usos Lingüísticos en Galicia*, dado ao prelo pola Academia Galega. Os datos das cidades tireinos dun traballo de Gabriel Rei Doval (concretamente, da súa Tese de doutoramento), que el mesmo me autorizou a utilizar. Como coído que as táboas fan patente, cando nos pomos a analizar os datos de devagar e cousa por cousa, a situación non parece tan catastrófica. Por exemplo, a min particularmente chamáronme moito a atención os datos verbo da evolución da (in)capacidade (permítaseme a expresión) para falar galego. No conxunto de Galicia, como pode comprobarse, se comparamos os resultados do Mapa Sociolingüístico cos do Instituto Galego de Estatística (con doce anos de diferenza entre eles, máis ou menos) temos diminución da incompetencia (ou, se se prefire velo do lado inverso, un incremento da competencia) relativamente lixeiro, dun 3%. Pero se comparamos os datos globais cos das cidades, vemos que este incremento da competencia se debe sobre todo aos avances que se produciron nas cidades, pois as medias dos centros urbanos son bastante superiores ás do conxunto do país.

Táboa 3. Evolución da (in)capacidade para falar galego (saben falar pouco ou nada).

Fonte: MSG e IGE 2004.

	MSG (1991)	IGE (2003)	Diferenza
Galicia	13,5	10,6	-2,9
Santiago	14,6	10,4	-4,2
A Coruña	23,3	20,0	-3,3
Ferrol	31,3	14,6	-15,7
Lugo	18,9	9,4	-9,5
Ourense	16,8	10,0	-6,8
Pontevedra	25,9	10,2	-15,7
Vigo	30,8	19,4	-11,4

Nesa lista hai cifras que chaman notablemente a atención. En Santiago, A Coruña e Ourense houbo un incremento da competencia relativamente pequena, porque tamén nos estamos a mover en porcentaxes moi elevadas, e, loxicamente, as marxes son menores. (É obvio que se, por caso, en Santiago hai moita xente que declara saber ben galego, non pode incrementarse moito a porcentaxe, simplemente porque non hai marxe). Pero o que máis chama a atención son os casos como os de Ferrol, Pontevedra e Vigo, onde podemos falar de que neses anos se produciu unha pequena revolución nas competencias

lingüísticas. Repárese: en Ferrol, en doce anos, se produciu un incremento superior ao 15% en datos relativos á competencia en lingua galega. O asunto é merecente dun estudo e dunha reflexión máis vagarosos, que arestora non podemos emprender (por exemplo: ¿ata que punto ese incremento reflete un aumento de persoas competentes ou ben unha mellora da seguranza lingüística da poboación enquisada?). As porcentaxes son case idénticas en Pontevedra, cun incremento da competencia do 15%, que unha cifra impresionante. Non son tampouco desdeñables os datos en Vigo. Tanto en Ferrol coma en Pontevedra ou en Vigo nos estabamos movendo en porcentaxes máis baixas, por tanto, tamén hai máis marxe para o incremento, pero de todas maneiras este incremento non deixa de ser verdadeiramente rechamante.

Pero tornemos ao verdadeiramente crucial. ¿Que pasa coa evolución da lingua habitual? Na táboa 4 podemos ver que hai datos para todos os gustos, pero sobre todo hai algúns que sorprenden agradablemente, polo menos a primeira vista. Comezando polo negativo, comprobamos que se produciu unha lixeira diminución da porcentaxe de galegofonos habituais en Santiago, Vigo e Coruña. En Santiago o galego aínda ten unha marxe bastante folgada, pois baixouse do 60 ao 58% aproximadamente. En Vigo e na Coruña a diminución é pequena pero o certo é que nos movemos en porcentaxes de galegofalantes considerablemente reducidas, aproximadamente do 33% ao 35% de galegofalantes habituais. En Lugo non se detecta unha variación relevante. En Ourense, e sobre todo en Pontevedra e Ferrol, rexístranse incrementos moi notables. En Pontevedra a porcentaxe de enquisados que declara falar máis galego ou só galego aumentou case un 9%, e en Ferrol case o 8%, datos estes que son case abraiante.

Táboa 4. Evolución do galego como lingua habitual nas cidades (fala galego ou +galego).

Elaboración propia Fontes: MSG e IGE 2003.

	MSG (1991)	IGE (2003)	Diferenza
Santiago	60,5	58,3	-2,2
Ourense	59,5	64,5	+5,0
Lugo	57,9	58,6	+0,7
Pontevedra	46,6	55,3	+8,7
Vigo	35,3	33,9	-1,4
Coruña	35,1	33,6	-1,5
Ferrol	32,5	40,4	+7,9

Xa que logo, parecen rexistrarse dinámicas de recuperación da lingua tanto no coñecemento (que é condición necesaria, pero non suficiente, para o uso), como nas prácticas lingüísticas, que son verdadeiramente moi notables. ¿Estarán esas melloras asociadas cos procesos políticos experimentados nestas urbes nos anos que nos interesan? Non

semella casualidade que aparezan destacadas precisamente cidades como Ferrol, Pontevedra e Vigo. Non estou a suxerir que existan relacións de causa-efecto, un modelo explicativo que semella excesivamente sinxelo, ou mesmo burdo. Pero non pode deixar de conxecturarse algunha asociación entre a relativa mellora da situación do idioma en determinadas cidades e o incremento do voto nacionalista que no seu caso e no seu momento permitiu o acceso do BNG á alcaldía destas.

3. CAMBIOS DE LINGUA E DINÁMICAS DE RECUPERACIÓN / SUBSTITUCIÓN

Precisamente, un elemento relevante para analizar as dinámicas de perda e de recuperación de falantes é a comparanza de dúas variables, lingua inicial e lingua usual. Este para min é un dato fundamental porque efectivamente se comparamos a lingua que as persoas declaran que foi a súa primeira lingua coa lingua que declaran que é a que usan ou a que máis usan, obtemos unha indicación acerca de se estamos perdendo ou estamos gañando falantes. Non posuímos os datos que nos permitirían realizar unha abordaxe detallada por cidades, porque carecemos do apoio da enquisa do Instituto Galego de Estatística. Pero si podemos tentar unha aproximación. Fixémonos na Galicia do ano 91: os falantes que teñen como lingua inicial o galego, en xeral retéñeno como lingua usual, pois case os dous terzos (o 63%,) se declaran monolingües, un terzo restante bilingüe con dominancia en galego, e só o 5% son fundamentalmente castelanófonos.

Táboa 5. Evolución da lingua habitual segundo a lingua inicial en Galicia.

Lingua habitual segundo lingua inicial nas sete cidades.

Fonte: MSG (Galicia>cidades) e IGE 2004 (Galicia).

	Lingua inicial galego		Lingua inicial castelán		Bilingüismo inicial	
	Galicia 1991>2003	Cidades (1991)	Galicia 1991> 2003	Cidades (1991)	Galicia (2003)	Cidades (1991)
Fala só gal.	63,7>73,28	30,9	2,4> 4,91	1,0	18,69	2,5
Fala + gal.	31,5>20,43	55,3	14,9 > 8,48	9,1	30,71	43,5
Fala + cast.	4,6> 4,92	13,2	45,8> 32,51	46,8	37,39	52,7
Fala só cast.	0,2> 1,37	0,6	36,9 >54,10	43,1	13,21	1,3

Contrasta o devandito co que acontece no sector de castelán-falantes iniciais, pois, sorprendentemente, os enquisados que declaran ter como lingua inicial o castelán afirman reter menos o castelán como lingua habitual. Centrándonos nos datos de 91 de Galicia, acabamos de dicir que dos galegofalantes iniciais en galego, son monolingües neste idioma o 63,7%; reparemos en que dos que se declaran castelán-falantes iniciais, afirman ser monolingües en castelán só 36,9%. Vexamos agora, no outro extremo, o que acontece cos

que mudan de lingua. Dos galegófonos iniciais, declaran ser castelanófonos habituais, como acabamos de dicir, só 4,8%; pola contra, dos castelanófonos iniciais, falan só galego ou máis galego o 17%, unha porcentaxe relativamente alta, e desde logo moito maior cá anterior. Xa que logo, hai máis xente con lingua inicial castelán que se pasa ao galego como lingua usual do que xente que ten lingua inicial o galego que se pasa ao castelán como lingua usual.

A quen non está familiarizado coas estatísticas sociolingüísticas, este resultado pareceralle paradoxal, porque segundo isto resulta que estamos recuperando falantes para o galego. A simple vista, isto significaría que, contra toda aparencia, non estamos vivindo un proceso de substitución lingüística, mais un proceso de recuperación, algo que, obviamente, isto non encaixa co noso coñecemento intuitivo da realidade. Na miña opinión, a explicación deste aparente paradoxo reside no feito de que a perda de falantes se viña producindo fundamentalmente nos fallos na transmisión interxeracional, e non tanto nas modificacións de conduta lingüística que unha persoa experimenta ao longo da vida. Ese tipo de modificacións existen pero máis ben parecen favorecer ao galego. Daquela, ¿como é que estamos perdendo falantes? Estamos perdendo falantes porque o que estamos perdendo é o galego como lingua inicial.

A miña hipótese, que espero poder validar no futuro, é que unha parte moi substancial destes falantes iniciais en castelán que agora falan só galego ou máis galego, serán persoas que proceden de familias galego-falantes. Dito rapidamente, serán fillos e fillas de parellas galego-falantes que lle falaron a ese fillo ou filla en castelán. Unha porcentaxe desas persoas que teñen como lingua inicial o castelán pero que se move nun medio familiar (e probablemente social) con forte presenza do galego, acaba recuperando o galego ao longo da súa vida. Sería, por tanto, unha porción que nos vén devolta da perda de falantes na transmisión interxeracional.

En todo caso, estas dinámicas que se producían no 91 –véxase «lingua inicial galego en Galicia», «castelán Galicia» e «bilingües iniciais en Galicia»– seguen a producirse no 2003, como mostra a enquisa do IGE, por tanto, o fenómeno *grosso modo* mantense. Véxase por exemplo «castelán-falantes en Galicia» no 2003, aproximadamente un 14% fala só galego ou máis galego –unha porcentaxe un pouco máis reducida que antes pero aínda notable. Pola contra, no 91, que é no único de que dispoñemos de datos, nas cidades non se produce isto. Nas cidades non recuperamos tantos falantes, o cal apunta na dirección que antes sinaléi: probablemente, os castelán-falantes iniciais que ‘se pasan’ ao galego como lingua habitual atópanse sobre todo do medio non urbano, nun ecosistema lingüístico en que o galego ten unha forte presenza e iso facilita a súa recuperación. Nas cidades este fenómeno practicamente non se dá. Se se repara nas columnas de cidades no 91 comprobábase que dos falantes iniciais en galego case ningún é monolingüe en castelán pero hai bastantes bilingües con castelán como lingua dominante e hai bastante poucos monolingües en galego, cousa lóxica, para unha persoa que vive no medio urbano. Falantes iniciais en castelán recuperados para o galego hai unha porcentaxe notable, un 10%, pero notablemente máis baixa cá do conxunto do país.

4. PROGNÓSTICOS DE FUTURO: OS DATOS DO CENSO DE POBOACIÓN E VIVENDA DE 2001

Chega pois o momento de abordar unha operación tan arriscada como a prospección. ¿Que nos deparará o futuro? Unha das ferramentas máis significativas para achegarse a estes prognósticos é a análise de datos en tempo real, por estratos cronolóxicos de idade, e a partir de aí facer unha proxección en tempo aparente. Aquí entramos na parte máis fea de todo o cadro. Botei man do censo de poboación de 2001, pois os datos do Instituto Galego de Estatística non ofrecen o nivel de detalle que precisaríamos para facer esta proxección. O censo en canto fonte para información sociolingüística ten vantaxes moi grandes e ten inconvenientes tamén bastante notables. O censo non é un inquérito, non se fai sobre unha mostra de poboación que se pretenda representativa, faise sobre o conxunto da poboación. É unha especie de mapa a escala real. Pero como o censo non se fai exclusiva nin principalmente para saber que linguas sabe e fala a xente, senón que se fai para obter datos sociolóxicos máis básicos, obviamente as preguntas sobre lingua son un apartado minúsculo e ofréccennos unha pintura en trazos grosos. Os datos que estivemos analizando ata agora son de «pincel fino», e agora pasamos un pouco á «brocha grosa».

Como vimos antes, podemos deseñar unha tipoloxía de espazos urbanos, así para entendernos agora *grosso modo*, con Coruña, Vigo e quizais Ferrol nun grupo, e Santiago, Lugo, Ourense e probablemente Pontevedra, tamén, noutro grupo. O que fixen agora foi tomar unha cidade representativa de cada grupo. Escollín A Coruña como representante do primeiro grupo simplemente porque a presente exposición foi concibida para un ciclo realizado nesta cidade, e doutra banda escollín Compostela, sinxelamente porque é a cidade onde vivo e traballo. Quero dicir que poderíamos comparar perfectamente Pontevedra-Coruña, Ourense-Coruña, ou Santiago-Vigo, coido que non mudaría significativamente o panorama. O que ofrezco aí é unha elaboración propia en porcentaxes dos datos brutos que ofrece o *Instituto Nacional de Estadística* a través da súa páxina web. Segundo esta fonte, un 5,15% de rapaces e rapazas da Coruña de 5 a 9 anos é monolingüe en galego, o que responde a unha cantidade de 741 individuos (así de rotundo é o censo nas súas cifras). A título de curiosidade, podemos dicir que para o conxunto de Galicia, tendo en conta os monolingües en galego declarados no Censo de 2001, de idade comprendidas entre 5 e 30 anos, e supoñendo que a partir de agora non se incrementase a cifra de galego-falantes iniciais (isto é, que ningunha persoa nacida a partir de 2001 tivese o galego como lingua inicial nin o incorporase á súa práctica lingüística), aínda así teríamos dentro de 50 anos máis de medio millón de falantes monolingües en galego. Este exercicio, puramente conxectural, mostra que a situación do galego non é tan desesperada como ás veces se dá a entender.

Táboa 6. Uso do galego conforme a idade na cidade da Coruña.
Elaboración propia. Fonte: Censo de Poboación e Vivenda (2001). INE.

Anos	5-9	10-14	15-19	20-24	25-29	30-34	40-44	50-54	60-64	+65	Total
G	5,15	5,00	7,00	8,91	9,30	10,76	15,42	21,97	29,64	29,15	17,33
G/C	67,65	79,74	68,38	59,57	57,90	57,65	56,43	54,17	47,58	42,75	55,28
C	27,29	15,26	24,60	31,52	32,78	31,58	28,15	23,85	22,78	28,12	27,39

G: fala sempre en galego; G/C: fala ás veces en galego; C: non fala nunca en galego.

O que si é dabondo desalentador é ver as cifras da Coruña, tamén as de Santiago pero sobre todo da Coruña, en canto reparamos en grupos etarios. Percorrendo a táboa 6 de dereita a esquerda, conséntase que o monolingüismo en galego era relativamente frecuente nas persoas maiores de 65 anos (nese grupo non distinguín tramos por razóns puramente prácticas, pois a táboa tornábase de manexo incómodo). De todas as maneiras é de notar que o carácter minoritario do galego na Coruña é antigo, pois incluso menos do 30% dos maiores de 60 anos eran monolingües galegos. Esta porcentaxe pode parecer elevada, pero repárase nos datos de Santiago (táboa nº 7), que ofrece uns resultados máis similares aos do conxunto do país, onde temos un 60% de monolingües en galego nese tramo de idade.

Táboa 7. Uso do galego conforme a idade na cidade da Santiago.
Elaboración propia. Fonte: Censo de Poboación e Vivenda (2001). INE.

Anos	5-9	10-14	15-19	20-24	25-29	30-34	40-44	50-54	60-64	+65	Total
G	24,86	27,95	32,75	35,13	36,39	39,30	44,60	51,50	58,75	60,69	44,4
G/C	63,69	64,48	56,73	50,87	48,92	48,06	44,82	39,16	32,67	28,58	44,4
C	11,45	07,57	10,52	14,00	14,69	12,64	10,58	09,34	08,48	10,72	11,2

G: fala sempre en galego; G/C: fala ás veces en galego; C: non fala nunca en galego.

Endebén, salta á vista que o monolingüismo en galego descendeu dunha forma moi notable e podemos ir vendo como ese descenso cae como nunha escada de tramo en tramo de idade, na Coruña do case o 30% dos maiores de 60 quedamos cun absolutamente magro 5% de 5 a 9 anos. Esta si é unha desas cifras realmente alarmantes. Aínda así, na liña de procurar relativizar un pouco os datos, repárase en que o monolingüismo en castelán na cidade da Coruña non aumentou tampouco en todos estes anos. Non hai unha grande diferenza entre a porcentaxe de monolingües en castelán maiores de 65 e no grupo de 5 a 9 anos, de feito, produciuse unha lixeira diminución. Aquí hai unha mudanza moi curiosa que se constata en varios lugares, é dicir, que non é algo idiosincrático da Coruña, senón

que é bastante xeral. Obsérvese como o monolingüismo en castelán cae notablemente no grupo de 10 a 14 anos. En Santiago acontece o mesmo, isto é unha pauta bastante corrente nas cidades. Non teño aínda claro como interpretar isto. Se cadra, isto ten que ver co uso do galego na escola, coa materia de galego: como os estudantes teñen o galego na escola e nesa clase hai que falar galego, daquela xa non se declaran como monolingües en castelán. Pero é asunto merecente dunha reflexión máis demorada. En todo caso, deixando un pouco entre parénteses ese dato que non modifica o que quero dicir, de 5 a 9 temos 28% de monolingüismo en castelán, e de máis de 65 temos a mesma porcentaxe. O que aumentou, por tanto, é o bilingüismo.

O problema do inquérito do censo –contra o que fai o IGE, ou o Mapa Sociolingüístico, que ofrecen catro posibilidades de resposta: só galego, máis galego, máis castelán e só castelán, e isto dan resultados máis transparentes– e que as posibles respostas á pregunta sobre lingua falada son tres: ‘fala galego sempre’, ‘fala galego ás veces’ e ‘fala galego nunca’. Isto é unha maneira de presentar a cuestión abondo discutible, xa que as respostas non teñen unha interpretación doada. Cando nós non temos a posibilidade de comparar unha resposta tan inconcreta como ‘ás veces’ con aqueloutro dato máis concreto, máis galego ou máis castelán, decatámonos que este ‘ás veces’ pode recubrir prácticas lingüísticas moi distintas. Nalgúns lugares, cando podemos contrastar con outras informacións, vemos que ese «ás veces» sobre todo é castelán e noutros lugares ese «ás veces» sobre todo é galego. No caso da Coruña, ¿cal será a interpretación máis sensata? Que ese «ás veces» está claramente nesgado cara ao castelán.

Os datos para Santiago, que representaría outro tipo de cidade, non son tan negativos para o galego. Aquí vese que o monolingüismo en galego tamén debeceu pero fíxoo desde niveis máis altos e por tanto tamén se mantén en niveis máis altos. A pauta é similar á da Coruña só que movéndonos nunha escala distinta. Destarte, en Santiago hai un de cada catro rapaces ou rapazas de 5 a 9 anos monolingüe en galego, o cal non é un mal dato. Canto ao monolingüismo castelán, tamén a pauta é similar: non se rexistra un incremento moi grande do monolingüismo castelán: 10,72 para maiores de 65, 11,45 de 5 a 9 anos, despois conséntase que hai unha foxa e despois vólvese a recuperar o monolingüismo. Daquela, o groso dos falantes monolingües en galego que perdemos vaíse cara ao bilingüismo. ¿Que significa aquí bilingüismo? A xulgar polos outro datos que podemos manexar, neste caso, en Santiago, significa máis ben galego que castelán.

5. OLLADA SOBRE DÚAS VARIABLE SOCIAIS: CLASE SOCIAL / OCUPACIÓN E NIVEL DE ESTUDOS

Logo traía uns datos sobre as variables sociais máis significativas para o uso das linguas, e escollín variables de tipo socio-económico e a variable nivel de estudos, tal como se presentan nas táboas 8 a 13.

Táboa 8. Lingua habitual dos entrevistados segundo a clase social en Galicia.

Fonte: Mapa Sociolingüístico de Galicia- Real Academia Galega.

	galego	+galego	G	+castelán	castelán	C
Media-alta	14,1	21,2	35,3	37,0	27,7	64,7
Media	29,2	29,4	58,6	27,0	14,4	41,4
Media-baixa	47,7	31,6	79,3	14,7	6,0	20,7
Baixa	55,7	27,3	93,0	11,0	6,0	17,0

Os datos do Mapa Sociolingüístico de Galicia (táboa nº 8) mostran claramente a relación entre a estratificación social e as prácticas idiomáticas: os enquisados que se declaran de clase media alta, declaran tamén unha práctica claramente castelanófona (case dous terzos máis castelán + só castelán), nos restantes estratos sociais domina a práctica galegófona, aínda que en porcentaxes decrecentes segundo escalamos na pirámide social. De todos os xeitos, só nos grupos de clase media-baixa e baixa o monolingüismo en galego é maioritario, mentres que na clase media e media alta son claramente predominantes as prácticas bilingües (de dominancia galega na media, e de dominancia castelá na media-alta).

Os datos do Censo de 2001 son moito máis concretos canto ás variables sociolóxicas, aínda que menos claros canto ás prácticas idiomáticas. Así e todo, vemos que na cidade de Santiago (táboa nº 9), os datos están claramente inclinados cara ao galego entre os traballadores e traballadoras da agricultura e a pesca (73,7%), da construción (64,5%), os xubilados (62,7%), de labores domésticos (54,6%) e a industria (53,8%), a respostas ‘ás veces’ (bilingüismo, cos problemas de interpretación de que xa falamos) e a opción preferida para os estudantes (56,8%) e os traballadores e traballadoras do sector servizos (49,4%). Na táboa, ofrecemos na última ringleira as cifras que corresponden ao peso relativo de cada sector da actividade sobre o conxunto da poboación.

Táboa 9. Lingua usual na cidade de Santiago, por actividade económica.

Elaboración propia. Fonte: Censo de Poboación e Vivenda, 2001. INE.

	Ag/Pes	Inds.	Constr.	Serviz.	Xubil.	Estud.	Labor.
Galego	73,7	53,8	64,5	39,7	62,7	28,3	54,6
G/Cas.	21,3	38,7	30,0	49,4	27,7	56,8	33,0
Castel.	4,9	7,4	5,4	10,8	9,5	14,8	12,3
Total	99,9 1,0	99,9 4,9	99,9 4,2	99,9 38,22	99,9 13,2	99,9 12,9	99,9 10,3

Observacións: Faltan parados e xubilados.

Os datos da cidade da Coruña son claramente distintos aos de Santiago: en todos os grupos, a opción de resposta máis frecuente é ‘fala galego ás veces’, e o monolingüismo en castelán supera ao monolingüismo en galego entre os/as estudantes (28,6% - 7,6%), as amas de casa (29,6 - 23,3 %), os traballadores e traballadoras dos servizos (27% - 13,9%), da industria (24,8% - 17,9%); a situación inversa só se rexistra entre os xubilados (30,6% - 25,9%), os traballadores da agricultura e a pesca (26,4 % - 22,3%) e os traballadores da construción (24,1% - 21,5%). Coma no caso anterior, ofrecemos na última ringleira da táboa as cifras que corresponden ao peso relativo de cada sector da actividade sobre o conxunto da poboación.

Táboa 10. Lingua usual na cidade da Coruña, por actividade económica.

Elaboración propia. Fonte: Censo de Poboación e Vivenda, 2001. INE.

	Ag/Pes	Inds.	Constr.	Serviz.	Xubil.	Estud.	Labor.
Galego	26,4	17,9	24,1	13,9	30,6	7,6	23,3
G/Cas.	51,2	57,2	54,3	59,0	43,4	63,7	47,0
Castel.	22,3	24,8	21,5	27,0	25,9	28,6	29,6
Total	99,9 0,7	99,9 6,2	99,9 3,2	99,9 35	99,9 15,1	99,9 6,9	99,9 10,8

Observacións: Faltan parados e xubilados

Unha variable tan ou máis discriminante coma a clase social / sector da actividade é a de nivel de estudos. Na táboa 11 ofrecemos os datos para o conxunto de Galicia, correspondentes a 1991. Constátase aí que o uso do castelán é predominante entre os enquisados con estudos universitarios e medios (que son tamén os de práctica máis bilingüe), e o galego predomina abrumadoramente entre os enquisados con estudos primarios ou sen estudos (os grupos máis monolingües).

Táboa 11. Lingua habitual segundo o nivel de estudos, en Galicia.

Fonte: Real Academia Galega- Seminario de Sociolingüística.

	galego	+galego	G	+castelán	castelán	C
Universitarios	9,4	23,2	32,6	43,6	23,8	67,4
Medios	17,6	27,1	44,7	36,7	18,6	55,3
Primarios	46,9	33,4	80,3	13,2	6,5	19,7
Ningún	75,3	20,5	95,8	3,3	0,9	4,2

Na cidade de Compostela, a opción de práctica bilingüe (coas cautelas que estamos a reiterar canto á interpretación da respostas ‘ás veces’) é a preferida para os enquisados con estudos superiores e medios, mentres que o galego é claramente o preferido entre os

enquisados analfabetos, sen estudos e con estudos primarios. Pero incluso entre os que teñen estudos medios e superiores, predomina a opción ‘galego’ sobre ‘castelán’ (43.1% - 11,5% e 25% - 17,6 % respectivamente).

Táboa 12. Lingua usual na cidade de Santiago, segundo nivel educativo.

Elaboración propia. Fonte: Censo de Poboación e Vivenda 2001. INE

	Analfabetos		Sen estudos		1º grao		2º grao		3º grao	
Galego	71,6		73,1		64,2		43,1		25,0	
Gal./Cas.	20,0		21,6		28,8		45,3		57,3	
Castelán	8,3		5,2		6,9		11,5		17,6	
Total	99,9	1,6	99,9	9,2	99,9	19,6	99,9	46,8	99,9	22,8

Novamente, os datos de Santiago neste parámetro contrastan cos obtidos na Coruña. Na capital herculina, a reposta (usa o galego) ‘ás veces’ é a preferida entre os que teñen estudos primarios, secundarios e superiores, pero nestes últimos grupos a opción ‘castelán’ supera amplamente á ‘galego’, e mesmo nos grupos sen estudos e analfabetos a práctica castelanófona ten unha presenza moi notable.

Táboa 13. Lingua usual na cidade da Coruña, segundo nivel educativo.

Elaboración propia. Fonte: Censo de Poboación e Vivenda 2001. INE.

	Analfabetos		Sen estudos		1º grao		2º grao		3º grao	
Galego	40,0		41,5		31,0		15,2		7,9	
Gal./Cas.	31,3		39,8		47,6		55,7		59,3	
Castelán	28,6		18,6		21,3		29,0		34,7	
Total	99,9	0,9	99,9	6,6	99,9	17,1	99,9	56,1	99,9	19,2

6. OBSERVACIÓNS SOBRE OS PREXUÍZOS LINGÜÍSTICOS E REFLEXIÓN FINAL

Un pouco á luz do que nos din as anteriores táboas quería desenvolver un breve comentario acerca dos estereotipos sobre falantes de galego e castelán, partindo para isto dos resultados dun interesantísimo libro, recién publicado, do Seminario de Sociolingüística da Academia Galega, titulado *O galego segundo a mocidade*. Unha obra que ten moito que debullar, moito que ver e que reflexionar, e que curiosamente pasou bastante desapercibida. Trátase dunha enquisa feita entre a mocidade fundamentalmente urbana, por iso a traio aquí, porque se refire a estereotipos na mocidade urbana. Un primeiro resultado

moi sorprendente do estudo, no que non nos podemos deter arestora, é que a variable acento parece moito máis significativa que a variable lingua. As diferenzas entre as linguas como tales nas valoracións son insignificantes mentres que as diferenzas na valoración dos acentos son absolutamente significativas. Por parte, esta valoración é independente das características sociolingüísticas de quen valora, sexan galegofalantes, castelanfalantes, bilingües con dominancia galega, ou bilingües con dominancia castelán. Sempre que nos movamos nesta franxa de mocidade urbana, as devanditas variables son irrelevantes, trátase de estereotipos partillados por falantes de galego e castelán.

¿Que estereotipos activa un home con acento galego nos suxeitos do inquérito? Profesión: gandeiro, peón da industria, labrego ou mariñeiro. Trazos positivos: traballador, xeneroso, divertido. Valórase positivamente con respecto á cultura. Trazos negativos: (falta de) atractivo físico, de orgullo e de intelixencia. O que fala con acento galego é un pouco menos guapo ca o que fala con acento castelán. Por contraste, ao varón con acento castelán, atribúelle como profesión: avogado, banqueiro, enxeñeiro ou directivo. Trazos positivos: intelixente, ambicioso, autoconfiado. Trazos negativos: é menos divertido e que ten menos sentido do humor, menos simpático ca o que fala galego. Máis notable aínda o que pasa coas mulleres. Muller con acento galego, profesión: ama de casa ou señora da limpeza. Trazos positivos: fiel, traballadora e práctica. Trazos negativos: non é innovadora nin atractiva. Á muller con acento castelán, atribúelle como profesión: xornalista ou publicista. Trazo positivo: orgullosa.

Os responsables do estudo, investigadores moi competentes e que fixeron un traballo rigoroso como poucos, consideran que estes estereotipos están fundados en prexuízos. Un non pode deixar de preguntarse se realmente se trata de estereotipos ou de meras descrições, polo menos canto se refire á profesión, tal como parece deducirse das táboas que acabamos de ofrecer. En todo caso, imos deixar esta discusión a unha beira e admitir que se trata de estereotipos, o cal é dificilmente discutible cando se trata da atribución de trazos. ¿Que nos indicarian os resultados do estudo? Parece concluírse que os prexuízos contra o idioma galego (mellor, contra os galegófomos nativos, que son os que teñen o acento máis marcado) están moi arraizados na mocidade e particularmente na mocidade urbana. As persoas, e particularmente os mozos e as mozas das cidades, continúan xulgando dun xeito moi prexuzoso os seus interlocutores ou a outras persoas coas que entran en interacción, en función do seu acento e, particularmente, discriminando negativamente as persoas con acento galego, sobre todo se son mulleres.

Por tanto, curiosamente, no terreo das competencias melloramos bastante nas cidades, en liñas xerais. No terreo dos usos a sensación é mixta pero, en fin, mellorou polo menos en certas cidades, noutras un pouco menos. E no terreo dos estereotipos, dos prexuízos, estamos como estabamos, algo que é absolutamente rechamante, sobre todo se reparamos en que o estatus legal e a presenza pública do idioma galego mellorou espectacularmente nas dúas últimas décadas, e que estes mozos e mozas tiveron todos clases de galego, tiveron oportunidade durante anos de estudar literatura galega, ter unha visión da cultura galega, da sociedade galega, a través do seu profesor ou profesora de

lingua e literatura galega, entre outros, hai unha tele galega, unha radio, uns discursos públicos en lingua galega... Dabamos un pouco por feito que o dos prexuízos era un problema relativamente fácil de superar e que estaba en vías de superación, en troca, estes resultados obrígnanos a reconsiderar a cuestión.

En definitiva, tornando ás palabras limiares do presente traballo, o que pretendía era ofrecer unha panorámica xeral, pero matizada, da situación do galego nos espazos urbanos. Constatamos que hai datos moi negativos e moi preocupantes de cara ao futuro, pero que tamén se rexistran algunhas dinámicas interesantes e positivas e que se cadra deberamos revisar o problema dos prexuízos e do seu arraigo. Sobre todo, como reflexión final, coido que a partir de todo isto deberamos, sobre todo os colectivos e persoas máis implicados na promoción do idioma galego, e moi especialmente os que teñen responsabilidades políticas, repensar as políticas de promoción da lingua e esforzarse en deseñar políticas de promoción da lingua axeitadas, adaptadas a cada un dos que eu chamei ecosistemas lingüísticos, que como tentei mostrar son bastante variados. Naturalmente, neste terreo da promoción do galego nos medios urbanos tamén se deron pasos e xurdiron iniciativas moi novidosas que non é do caso pormenorizar aquí, pero no que o papel dinamizador dos gabinetes e servizos de lingua dos concellos foi fundamental. Quedan aínda moitas cuestións por matizar e aclarar, e, naturalmente, moitos dos aspectos considerados, e as interpretacións ou observacións que ofrecemos, están suxeitos ao debate. Que continúen, pois, os estudos, que florezan as iniciativas, e deixemos aberta a porta á discusión.

REFERENCIAS

- Fernández Rodríguez, M. A. / Rodríguez Neira, M. A. (1995), *Usos lingüísticos en Galicia*. A Coruña, Seminario de Sociolingüística / Real Academia Galega.
- González González, M. / Rodríguez Neira, M. A. et alii (2003), *O galego segundo a mocidade*. A Coruña, Seminario de Sociolingüística / Real Academia Galega.
- Instituto Galego de Estatística, *Enquisa de condicións de vida das familias. Coñecemento e uso do idioma galego*, Santiago, Xunta de Galicia, 2004. [<http://www.ige.xunta.es/ga/home.htm>]
- Instituto Nacional de Estadística, *Censo de Población y Vivienda 2001*. <http://www.ine.es>
- Rey-Doval, G. (2001), *A lingua galega no medio urbano. Unha visión desde a macrosociolingüística*. Santiago de Compostela, Tese de doutoramento (pro ms.)